

LÚA NOVA

nº 65 XANEIRO 2026

REVISTA GALEGA DE CULTURA
A.C.G. Rosalía de Castro · Cornellà (Barcelona)

5
2
MURALLA DE LUGO
PATRIMONIO
DA HUMANIDADE





RÍOS DE VIDA E MANS QUE DIGNIFICARON UN TERRITORIO

O Donsal e o Navia levan séculos murmurando o que apenas escoitabamos: que a vida naceu aquí, entre pedras molladas, fontes frescas, regatos que cantaban pola noite e prados que alimentaban gando e familias enteiras.

Foron eles quen moveron rodas, turbinas e dinamos —mediado o século XX— que puxeron luz nas casas, voz ás radios e esperanza nas lareiras cando o mundo quedaba lonxe.

Estes ríos fixeron posible pasar do candil á bombilla, coidar o gando, alumear para estudar, erguer paredes, serrar táboas, amasar cemento, moer o grao para o pan ou ferver auga en operacións improvisadas cando non había médico nin estrada.

Fixeron posible subir auga ás casas, regar hortas, carpintear mobles, mover máquinas, alimentar ferreírías e poñer en marcha serras, taladros e pulidoras que chegaron ás aldeas como milagres discretos.

Hoxe, aqueles ríos que fixeron posible a supervivencia fannos posible algo maior: pasar do illamento á conexión planetaria. Un val sen estrada nin electricidade nin teléfono acolle agora teletraballo, investigación, retornos e inmigración cualificada.

Todo porque alguén —antes e agora— coidou muíños, presas, fragas, fontes e camiños, abriu sen-

das que a maleza ocultara e entendeu que un territorio só renace cando alguén lle dá a man e o ergue: con horas, suor, frío, disciplina e responsabilidade, non con discursos.

Porque non é só a natureza a que cura: son os ríos, as pedras, os prados, os oficios e as pegadas humildes das xeracións que nunca baixaron os brazos.

E nese canto longo —que sobe dende as presas ao brillo das cumbres nevadas— hai unha verdade que une a quen chega sen buscar: hai lugares que nos fan vivir mellor, e causas —coma esta— que merecen ser defendidas para sempre

A RUTA QUINTÁ-RÍO DONSAI, CANDIDATA A SENDEIRO AZUL 2026

A Asociación Castaño e Nogal (CyN), xunto cos Concellos de Becerreá, Navia de Suarna e Cervantes, presentou ante a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC), entidade representante en España da Foundation for Environmental Education (FEE), a candidatura do Sendeiro PR-G 159 “Ruta Quintá-Río Donsal” ao distintivo de Sendeiro Azul 2026.



O Programa Sendeiro Azul, impulsado pola FEE, promove a recuperación de itinerarios que favorecen o goce responsable dos espazos naturais. En 2025, a rede española suma 154 sendeiros e máis de 1.000 km, distribuídos en 127 concellos de 21 provincias.

A proposta, admitida a trámite en outubro de 2025, coroa dezaseis anos de traballo medioambiental e cívico, nacido do esforzo de mozos e mozas voluntarios, veciños e cooperantes que, con aixadas e sinxelas ferramentas de monte nas mans, limparon os antigos camiños durmidos, as ladeiras e as marxes do río Donsal que gardaban séculos de abandono.

UN PROXECTO CON ALMA E PROXECCIÓN

O PR-G 159 non é só un sendeiro: é o resultado visible dun proxecto cidadán que uniu a veciños, voluntariado de dezaoito países e cooperantes da Coruña, Lugo, Barcelona e Coristanco baixo unha mesma convicción: rehabilitar os camiños antigos para rexenerar comunidade, paisaxe e esperanza.

O proxecto contou coa colaboración do Concello de Becerreá, actuacións da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, o apoio do Concello de Navia de Suarna e pequenas axudas en especie de entidades, familias e cooperantes locais.



O núcleo impulsor asumiu persoalmente os desfares orzamentarios, en moitos casos totais durante varios exercicios, garantindo a transitabilidade, conservación e continuidade do sendeiro durante dezaseis anos ininterrompidos.

Ese compromiso transformou unha iniciativa local nun referente cívico internacional: non só construíu e mantivo un camiño, senón que revalorizou toda a comarca, difundindo a súa paisaxe, o seu patrimonio natural e cultural e a súa biodiversidade a través das canles dixitais de CyN, seguidas hoxe en universidades, centros de investigación e organismos supranacionais, onde se estuda o seu modelo de cooperación e sustentabilidade rural.

SENDEIRO E TERRITORIO

Ao longo dos seus 18,2 quilómetros, o musgo cobre os muros, os líquenes pintan os troncos e a auga do Donsal acompaña ao visitante entre soutos, fervezas e prados.

Cada paso resume unha historia de resiliencia e cooperación, convertida xa nun exemplo exportable de sustentabilidade rural e recuperación do arraigamento en territorios afectados pola despoboación. O Xurado de Expertos de ADEAC-FEE —formado por entre vinte e trinta especialistas en educación ambiental, accesibilidade, deporte, seguridade e lexislación— reunírase en Madrid, en decembro de 2025, para avaliar as candidaturas preseleccionadas. Pero para CyN e os concellos asinantes, o recoñecemento esencial xa se acadou: late en cada visitante que descobre un territorio reconciliado consigo mesmo, onde a fe cívica e o traballo voluntario converteron a carencia en esperanza e a soidade en oportunidade compartida.

...





ESCÁNER DO MUSGO

“ Este sendeiro non foi
construído nin mantido
con diñeiro,
senón con mans
interxeracionais, fe e paixón.
O que hoxe se propón
como Sendeiro Azul é,
antes de nada,
un símbolo do compromiso
polo común, do amor á terra
e da recuperación silenciosa
de patrimonios ocultos
e ignorados. ”

OUTONO NO DONSAI: O BOSQUE QUE CAMBIA DE COR, PERO NON DE ALMA

En novembro, o Donsal vístese de tons que van do verde escuro ao ocre, do dourado ao marrón. Cada folla que cae engade memoria ao camiño. Os sotos de castiñeiros, bidueiros e cerdeiras acompañan o paso lento do sendeirista, mentres o río murmura entre a néboa e o musgo esperta sobre a pedra.

É tempo dos pequenos silencios: da auga limpa que baixa, dos cogomelos que agroman, das follas que cobren as pegadas. Quen percorre agora a Ruta Quintá-Río Donsal comprende por que é candidata a Sendero Azul 2026: porque garda a alma dos camiños antigos e o espírito das mans que a fixeron renacer. O outono aquí non é fin, senón promesa de futuro. ■



Antonio Álvarez González
Presidente da Asociación
Castaño e Nogal (CyN)